



## Persoas beneficiarias

- Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro
- Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral
- Empresas do mercado ordinario, incluídas as persoas autónomas



## Requisitos

1. Subscribir un **convenio de colaboración** coa empresa que vai contratar persoas traballadoras con discapacidade.
2. Ter por **obxecto social**, entre outros, a **inserción laboral** ou a **creación de emprego a favor de persoas con discapacidade** ou en situación ou risco de exclusión social.
3. Contar no seu cadro de persoal con **preparadores ou preparadoras laborais especializados** que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria ou comprometerse a incorporalos, así como dispor dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.
4. Ter experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.
5. Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuito, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a persoas traballadoras ou empresarios e empresarias.



### PROGRAMA II – EMPREGO CON APOIO [TR342A]

## Contía das axudas (máximo 100% dos custos laborais)

Persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%

8.500 € anuais

Persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%

5.500 € anuais

Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao recoñecido igual ou superior ao 65%, xordas e con discapacidade auditiva cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou en situación ou risco de exclusión

3.300 € anuais



Acumulables

25%

Muller

Persoa maior 45

Emigrante retornado/a

Concello rural

Persoa trans

- A contía reducirase proporcionalmente en función da duración do contrato e/ou tipo de xornada.
- Para entidades sen ánimo de lucro, Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral no que mesma persoa preparadora preste apoios en varios concellos, poderá solicitar un incremento de 2.500 euros por deprezamentos.

## Persoas destinatarias finais

- Persoas con **parálise cerebral**, con **enfermidade mental** ou con **discapacidade intelectual** cun grao de recoñecido igual ou superior ao 33%.
- Persoas con **discapacidade física ou sensorial** cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.
- Persoas **xordas e con discapacidade auditiva**, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.
- Persoas **en situación ou en risco de exclusión social recoñecido**, que non teñan ningunha das discapacidades indicadas nas letras anteriores.

## Accións de emprego

- Orientación, asesoramento e acompañamento.
- Achegamento e axuda mutua entre a persoa, a empresa e o persoal co que comparta tarefas.
- Apoio no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias.
- Adestramento específico no posto de traballo.
- Seguimento e avaliación da inserción.
- Asesoramento e información á empresa sobre a adaptación do posto.